

RESOLUCIÓN DE XERENCIA POLA QUE SE CONVOCAN CURSOS DE LINGUA GALEGA DO CENTRO DE LINGUAS MODERNAS (CLM) PARA O PRIMEIRO SEMESTRE DO CURSO 2025-2026

A Universidade de Santiago de Compostela convoca, para o **1º semestre** do ano académico **2025-2026**, **cursos de lingua galega para non galego falantes**, do Centro de Linguas Modernas (CLM) nos campus Santiago e Lugo dirixidos á comunidade universitaria, especialmente ao alumnado e ao persoal docente e investigador que realiza estudos ou estadías na USC con vinculación aos distintos programas de cooperación e mobilidade internacional da Universidade; ao PDI e PTXAS que deba acreditar un nivel de lingua galega na USC; e tamén abertos a calquera persoa interesada maior de 18 anos de conformidade coas seguintes

BASES

1 Cursos ofertados

No 1º semestre do curso académico 2025-2026 impartiranse cursos de lingua galega da modalidade seguinte:

- Cursos semestrais para non galegofalantes: 40 horas presenciais + 10 horas de traballo autónomo do alumnado. As clases son de 90 minutos, 2 veces por semana durante 4 meses.

Os detalles dos grupos ofrécense no Anexo. O CLM poderá modificalos por cuestións organizativas.

2 Avaliación, recoñecemento e créditos ECTS

Cada curso convocado polo Centro de Linguas Modernas (CLM) terá unha única convocatoria de exame final.

A asistencia ao 80% das horas presenciais e mais a superación da avaliación continua e final dará dereito a unha certificación da USC con selo de órgano e código seguro de verificación (CSV) que acredita:

- a denominación do curso
- a duración, en número de horas
- nivel segundo o Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas (MECRL)
- a identidade da ou do estudante (nome completo e documento de identificación)
- a cualificación cualitativa (*Aprobado, Notable, Sobresaliente, Matrícula de Honra*) e numérica obtida

As certificacións poderanse descargar a través da Secretaría Virtual (SV) da USC.

Os estudantes estranxeiros e os procedentes doutra comunidade autónoma española que non completaran os seus estudos preuniversitarios en Galicia, que superen os cursos de nivel A2 ou superiores, poderán solicitar os créditos ECTS, segundo o [Resolución reitoral do 5 de febreiro de 2025, pola que se desenvolve o Regulamento en materia de recoñecemento de actividades susceptibles de recoñecemento e a súa equivalencia en créditos](#). Recoñécense os seguintes créditos por nivel: A2: 3 ECTS, B1: 4, B2: 5; C1 e C2: 6 ECTS.

3 Test de nivel

As persoas interesadas no nivel inicial A2 poderán matricularse directamente, sen realizar un test de nivel previo.

As persoas interesadas nos niveis B1 e B2 terán que realizar un test de nivel gratuíto e previo á matrícula. O alumnado cun ou máis cursos de lingua galega aprobados no CLM da USC non precisa facer o test de nivel.

Para inscribirse no test terán que facelo no período sinalado no Anexo, a partir da [páxina web do CLM](#), que dará acceso á secretaría virtual ⇒ Actividades, cursos e probas ⇒ Test de nivel, e seguir as instrucións.

Os resultados dos test de nivel publicaranse na secretaría virtual do alumnado.

O nivel acadado no test non acredita o nivel correspondente segundo o MECRL, senón que só indica o nivel no que debe matricularse.

Cando se teña o resultado do test de nivel asignado e o período de matrícula estea aberto, poderá elixir o horario dispoñible e matricularse no curso elixido.

4 Matrícula

As persoas interesadas no nivel A2 poderán matricularse directamente, sen inscribirse no test de nivel.

O alumnado Apto noutro curso de lingua galega no CLM, poderá matricularse directamente no nivel inmediatamente superior sen facer o test de nivel.

A matrícula farase por Internet dende a [páxina web do CLM](#).

Recoméndase que o alumnado se matricule no CLM despois de formalizar a matrícula nos estudos regrados na USC, xa que iso permite aplicar a tarifa reducida da USC e simplificar o proceso de introdución de datos persoais na aplicación.

A matrícula ten asociadas as seguintes [tarifas oficiais](#):

- Estudantes da USC: 15,00 €
- Comunidade universitaria da USC: 25,00 €
- Persoas alleas: 100,00 €

Se non atopa o acceso na súa SV durante o período aberto da matrícula, debe contactar con clm@usc.gal

No caso de ter problemas técnicos coa matrícula en liña deben remitir unha incidencia ao enderezo cau@usc.gal e seguir as indicacións recibidas.

Dada a natureza de servizo universitario e a súa consideración de estudos propios e específicos diferentes aos de validez en todo o territorio nacional, non será de aplicación o réxime de exencións ou subvencións á matrícula que rexe para os estudos universitarios ordinarios.

Cancelaranse os cursos que non acaden o mínimo de 5 persoas matriculadas a non ser en casos excepcionais que a dirección do CLM estime pertinentes. No caso de cancelación do curso, o alumnado ten dereito á devolución da matrícula ou a cambio de curso.

Haberá un prazo de dez días naturais dende a data de inicio do curso para solicitar a anulación e devolución da matrícula.

A renuncia á matrícula por causas alleas á Universidade non dará dereito á devolución do seu importe.

Se unha alumna ou alumno matriculado e con praza nun grupo determinado faltase a máis dun 50% de horas do curso, de modo inxustificado, durante o primeiro mes (ou a quinta parte inicial) do mesmo, poderá quedar sen praza nese grupo, pero terá dereito a solicitar o reingreso en calquera grupo do mesmo nivel que se inicie con posterioridade dentro do mesmo curso académico, de existiren prazas libres.

5 Seguro

Agás as persoas que realizan os seus estudos no CLM da USC única e exclusivamente en liña e en ningún momento permanezan nas instalacións da USC, todas as persoas, nacionais ou estranxeiras, que non están cubertas polo seguro escolar obrigatorio do INSS, por non ter formalizada matrícula en estudos oficiais na

USC no curso académico correspondente ou ben, sendo alumnos/as da USC neste curso son de nacionalidade estranxeira ou nacionais maiores de 28 anos e non teñan contratado este seguro nos estudos nos que formalizaron matrícula, deben subscribir o seguro de accidentes e asistencia en viaxe establecido como obrigatorio polo Acordo do Consello de Goberno do 26 de xuño de 2009. Máis información en: <http://www.usc.es/gl/servizos/sxe/segueros.html>.

6 Información e contacto

CENTRO DE LINGUAS MODERNAS (CLM)
Avda. das Ciencias 7, 1º
Campus Vida – Santiago de Compostela

CENTRO DE LINGUAS MODERNAS (CLM)
Aulario da facultade de Humanidades
Sala de profesorado do CLM (Lugo)

Tel.: (+34) 8818 14443

Correo electrónico: clm@usc.gal

Para resolver problemas relacionados coa inscrición, a matrícula ou a certificación, contacten con clm@usc.gal. No caso de ter problemas técnicos, contacten con <cau@usc.gal>.

7 Impugnación

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela ou Lugo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da xurisdición contencioso-administrativa, aprobada pola Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non haxa resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O REITOR

Por delegación de competencias, R.R. do 21 abril 2022 (DOG do 26 abril 2022)

O Xerente

Javier Ferreira Fernández

ANEXO

Campus	Niveis do MECRL	Observacións	Nº de horas	1º Prazo de matrícula 2º Calendarios das clases 3º Inscripción no test de nivel 4º Test de nivel	Horarios e lugar	Prazas por grupo	Prezo
Santiago	A2	Sen test de nivel	50 = 40 presenciais + 10 traballo autónomo	1º 29/08/25 - 16/09/25 2º 24-25/09/25 – 12-13/01/26	A2-A: luns-mérc, 10:30-12:00h, Fac. de Filosofía, Aula de Idiomas	15	Estudantes da USC: 15€ Comunidade universitaria da USC: 25€ Persoas alleas á USC: 100€
	A2				A2-B: mar-xov, 17:30 - 19:00h, Fac. de Filosofía, Aula por determinar	15	
	B1	Con test de nivel ou con Aptitude no nivel previo		1º 29/08/25 -16/09/25 2º 24-25/09/25 – 12-13/01/26 3º 29/08/25 - 14/09/25 4º 15/09/25, 16:00h, Fac. Filosofía, Aula de Idiomas	B1: luns-mérc, 17:30 – 19:00h, Fac. de Filosofía, Aula por determinar	15	
	B2				B2 A: luns-mérc, 12:30-14:00h, Fac. de Filosofía, Aula de Idiomas	15	
	B2	Con test de nivel ou con Aptitude no nivel previo			B2 B: mar-xov, 10:00-20:30h, Fac. de Filosofía, Aula por determinar	15	
Lugo	A2	Sen test de nivel		1º 29/08/25 - 16/09/25 2º 25/09/25 – 13/01/26	luns-mérc, 15:00-16:30, Fac. de Veterinaria	15	
	B1	Con test de nivel ou con Aptitude no nivel previo		1º 29/08/25 - 16/09/25 2º 25/09/25 – 13/01/26	luns-mérc, 16:30 - 18:00, Fac. de Veterinaria	15	
	B2			3º 29/08/25 - 14/09/25 4º 15/09/25, todo o día en liña	luns-mérc, 18:30 - 20:00, Fac. de Veterinaria	15	

Os cursos ofertados poderán sufrir cambios por motivos da organización

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 02/07/2025 17:50:57.

CSV: A0E3-5543-466C-BCAC